



ALFREDO SANTOMIL GARCÍA
COORDINADORA GALEGA DE PLANS COMUNITARIOS
AVDA. DE CASTELAO NÚM. 22, BAIXO
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

Código : 11B200 SUBDIR. XERAL DE XOGO, ASOCIACIONES E ESPECTACULOS PUBLICOS
Asunto : Inscripción Asociación -2007/000171-2 (SC)

Notifícolle que en data 26/01/2007 a Directora Xeral de Interior dictou a Resolución que a continuación se transcribe:

"**VISTA** a solicitude para a inscrición da **COORDINADORA GALEGA DE PLANS COMUNITARIOS**, con domicilio social na AVDA. CASTELAO NÚM. 22, BAIXO, 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña), no Rexistro Central de Asociacións desta Comunidade Autónoma.

RESULTA dos seus estatutos que os seus fins, entre outros, son:

A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE VIDA DOS CIDADÁNS EN MATERIA DE SANIDADE, VIVENDA, ENSINO, CULTURA, ECOLOXÍA, URBANISMO, DEPORTE E SERVIZOS PÚBLICOS

VISTOS: A Constitución Española, a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, a Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e a normativa sobre traspaso e asignación de competencias.

CONSIDERANDO: Que esta Asociación atópase incluída no ámbito de aplicación da citada Lei de Asociacións e que nos seus estatutos e demais documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos previstos cos números 2 e 5 do art. 22 da Constitución, sobre fins, medios ou asociacións ilegais.

CONSIDERANDO: Que esta Dirección Xeral de Interior é competente para resolver en orde a procedencia da inscrición solicitada, en virtude do previsto no Decreto 336/1996, do 13 de setembro (DOG do 13.09.97), sobre asunción do traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e no Decreto 276/1997, do 25 de setembro (DOG do 08.10.97), polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións con ámbito de actuación autonómico.

ESTA DIRECCIÓN XERAL

RESOLVE: Visa-los Estatutos da **COORDINADORA GALEGA DE PLANS COMUNITARIOS**, e dispoñe-la súa inscrición provisional para os efectos de publicidade previstos no art. 22 da Constitución, correspondéndolle o número **2007/000171-2 (SC)** neste Rexistro Central de Asociacións.

Esta inscrición provisional converterase en definitiva se no prazo de 3 meses, a contar dende a recepción desta resolución, non se lle notificase ao interesado a incompatibilidade por idéntica denominación xa inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso de alzada ante o sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo de un mes, de acordo co disposto nos arts. 114 a 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro."

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2007
 A SUBDIRECCIÓN XERAL DE XOGO, ASOCIACIÓNS E
 ESPECTACULOS PÚBLICOS



María Puy Fraga



ACTA FUNDACIONAL DA ENTIDADE “COORDENADORA GALEGA DE PLANS COMUNITARIOS”

En Santiago de Compostela, sendo as 10.30 horas do día vinteun de outubro de dous mil seis, reúnense as entidades que a continuación se relacionan:

Plan Comunitario de Teis, con domicilio social na rúa Coutadas, 59, concello de Vigo, provincia de Pontevedra, código postal 36207, e representada por Don Eduardo García Crespo, provisto do D.I. nº 36.046.911;

Centro para el Desarrollo Rural “Ancares”, con domicilio social en Casa Reitoral, San Román de Cervantes, provincia de Lugo, código postal 27664, e representada por Don Ramiro Martínez Carballosa, provisto do D.I. nº 33.826.853;

Asociación Veciñal “Polígono de Vite”, con domicilio social na Avenida de Castelao, 22 – baixo, concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña, código postal 15704, e representada por Don Alfredo Santomil García; provisto do D.I. nº 33239872

Todos os presentes maiores de idade e con capacidade de obrar, estando as entidades, por eles representadas, legalmente constituídas, acordan:

PRIMEIRO.- Constituír unha entidade sen ánimo de lucro, ao abeiro da vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, denominada “Coordinadora Galega de Plans Comunitarios”, que desenvolverá preferentemente as súas actividades no ámbito autonómico e terá o seu domicilio social na Avenida de Castelao, 22 – baixo, concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña, código postal 15704, sendo os seus fins principais:

- Coordinar as actividades das asociacións integradas para conseguir a unidade de acción na mellor consecución dos obxectivos propostos.
- O estudo e resolución no campo da súa competencia, para posterior traslado á autoridade responsable, dos problemas inherentes ó desenvolvemento do traballo comunitario.
- A defensa dos intereses de tódalas asociacións e persoas integradas dentro do marco das súas respectivas competencias e diante das instancias públicas.
- O estímulo das liñas de actuación de tódalas asociacións integradas, facilitando a estas cantas informacións, asesoramentos e axudas técnicas poidan serlle formuladas no interese do cumprimento dos seus fins.
- A realización de actividades directas ou indirectas que tendan a fortalecer as asociacións integradas ou á propia Asociación dentro do ordenamento constitucional vixente, utilizando para elo os recursos previstos na lei.
- A mellora das condicións de vida dos cidadáns en materia de sanidade, vivenda, ensino, cultura, ecoloxía, urbanismo, deporte, servizos públicos, etc.

SEGUNDO.- Aprobar, por unanimidade dos asistentes, os Estatutos polos que se rexerá a Coordinadora Galega de Plans Comunitarios, lidos neste mesmo acto, que se incorporan como anexo a esta acta.

Ramiro Martínez Carballosa

[Handwritten signature]